

## CONCRECIÓN CURRICULAR

### Centro educativo

| Código   | Centro           | Concello | Ano académico |
|----------|------------------|----------|---------------|
| 36019220 | IES Auga da Laxe | Gondomar | 2025/2026     |

| <b>Contido</b>                                                                                                                                                                      | <b>Páxina</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro                                                                                                              | 3             |
| b) A contribución á adquisición das competencias clave                                                                                                                              | 4             |
| c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais                                                                                   | 5             |
| c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria                                                                                                                                        | 6             |
| d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía                                                                                                                               | 7             |
| e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos                                                                                                          | 7             |
| f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso                                                                                                      | 8             |
| g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias                                                                                                                       | 8             |
| h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso | 9             |
| i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso                      | 9             |
| j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación                                                                                               | 9             |
| k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso                                                                                                        | 11            |
| l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas                                                                                     | 12            |
| m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas                                                                                                      | 12            |
| n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular                                                                                               | 12            |
| o) Outros apartados                                                                                                                                                                 | 13            |

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

O IES Auga da Laxe sitúase no concello de Gondomar, unha vila de case 15.000 habitantes na contorna da cidade de Vigo. O alumnado da ESO procede maioritariamente do casco urbano ou de zonas próximas a el, mentres que no Bacharelato o centro recibe alumnado de todo o municipio, tanto do casco urbano como das diferentes parroquias. Respecto das condicións socioeconómicas e culturais das familias, atopamos por unha banda alumnado con contornas familiares que lles permiten dispoñer un apoio educativo sólido na súa formación, fronte a outra parte do alumnado que non dispón dunhas condicións que favorezan e apoiem os procesos educativos. Nese sentido, o proxecto educativo do centro debe realizar un esforzo por ofrecerlle ao alumnado unha formación integral que intente compensar esas desigualdades sociais e que lle permita alcanzar, desde as actividades lectivas e tamén desde as actividades complementarias, os obxectivos establecidos para cada unha das etapas educativas que se imparten no instituto:

### **Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)**

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo; así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.

Para conseguir tales fins, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### Obxectivos do Bacharelato

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Para conseguir tales fins, o bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

Deseñaranse actividades que contribúan á adquisición das competencias establecidas na normativa vixente:

- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)
- Competencia Plurilingüe (CP)
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)
- Competencia Dixital (CD)
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- Competencia cidadá (CC)
- Competencia emprendedora (CE)
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

Neste curso 2025-2026, unha vez que a CCP e o Claustro realicen unha análise dos resultados das probas de Avaliación de Diagnóstico aplicadas no curso 2024-2025 en 2ºESO, valorarase a necesidade de revisar e darlle

continuidade ao Plan de Mellora realizado e aprobado o curso anterior, co obxectivo de mellorar o desempeño competencial do alumnado, especialmente en 1º e 2º de ESO. As medidas establecidas o curso pasado no Plan de Mellora incluíronse nas Programacións Didácticas e recolléronse nun documento conxunto que, logo da súa aprobación por parte do Claustro, foi incorporado como ANEXO na PXA. Neste curso 2025-2026 continuarase co seguimento e avaliación das medidas adoptadas para deseñar novas liñas de actuación.

No camiño de adquisición das competencias, complementábase o labor que se realiza desde as actividades lectivas desenvolvidas polos diferentes departamentos didácticos de acordo cos estándares traballados nos currículos das súas materias coas propostas que se ofrecen a través das actividades complementarias e dos diferentes programas e plans educativos nos que participa o centro: charlas e obradoiros, concertos de música, roteiros e visitas didácticas, participación en concursos e olimpíadas relacionadas con distintas materias do currículo, asistencia ao teatro ou ao cine en diferentes linguas, andainas e outras actividades deportivas, propostas artísticas e plásticas, celebracións de días especiais do calendario educativo, viaxes e intercambios, club da igualdade, etc.

Na avaliación ordinaria dos cursos da ESO, baixo a supervisión da xunta de avaliación, recolleranse as cualificacións das competencias adquiridas por cada alumno ou alumna.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Procurarase traballar coordinadamente desde os diferentes departamentos, así como desde a Biblioteca Escolar, o EDLG e a vicedirección, para incorporar os contidos e valores transversais, o Plan lector do centro, o Plan de benestar emocional e convivencia ou o fomento da interdisciplinariedade, tanto a través das actividades propias das diferentes materias como a través da celebración de datas de referencia no calendario educativo ou a través de proxectos integrados que favorezan o coñecemento do patrimonio da contorna (Cos pés no Val Miñor).

Así, de acordo co establecido no anexo I da Orde do 12 de abril do 2024, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024-2025, celebraranse algunhas das seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2025: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2025: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2025: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- A semana do 6 de decembro de 2025: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2025: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2026: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2026: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2026: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2026: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2026: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2026: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2026: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2026: Día Mundial da Saúde.
- A semana do 23 de abril de 2026: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2026: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2026: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2026: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2026: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais, de conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Por outra banda, desde os diferentes departamentos didácticos contribuirase ao Plan Lector do centro a través de propostas de lectura complementaria, vinculadas coas distintas materias e cos diferentes niveis educativos, e a través da elaboración de itinerarios lectores.

Ademais, desde a Biblioteca escolar e o EDLG realizarase un traballo conxunto de divulgación e fomento da lectura a través da difusión de novidades adquiridas para os fondos da biblioteca, da organización de actividades que acompañen as datas de referencia do calendario do libro e a lectura e as celebracións que se organicen, así como os distintos proxectos educativos que se desenvolvan no centro: exposicións de libros e doutros recursos, recomendacións de lecturas, organización de concursos, charlas e encontros cos escritores e escritoras, etc.

Por último, desde a Biblioteca escolar organizarase na ESO o calendario e o desenvolvemento da Hora de Ler, na que participarán todos os departamentos didácticos.

Por outra banda, todo o profesorado contribuirá ao Plan de Convivencia do centro atendendo os seguintes obxectivos:

1. Educar o alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
2. Educar no respecto á liberdade de conciencia e de conviccións relixiosas e morais, preservando a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
3. Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro, no ámbito da súa competencia.
4. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro, na aula e durante as actividades complementarias e extraescolares.
5. Manter a orde e poñer en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
6. Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e fillas e das medidas disciplinarias tomadas ó respecto.
7. Controlar as faltas de asistencia e atrasos do alumnado, informando as persoas titoras e as familias a través da aplicación Abalar.

En resumo, de acordo co establecido no artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria, e no artigo 19 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato, teranse en conta os seguintes principios:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.
2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

### **c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria**

#### **Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos**

- Por acordo do claustro, na ESO establécese unha Hora de Ler que se concretará nunha sesión lectiva semanal, simultánea para todos os grupos, que contará co apoio de propostas e actividades coordinadas desde a Biblioteca Escolar. - Todos os departamentos establecerán nas súas programacións didácticas as actividades que se desenvolverán na ESO e no Bacharelato para favorecer a competencia lectora e a práctica da oratoria. - Os departamentos elaborarán para as súas materias uns itinerarios lectores que contribúan a fomentar a lectura e a comprensión lectora desde as súas clases. - En 2ºESO, por decisión do claustro do centro, as 2h de libre disposición dedicaranse a actividades de comprensión lectora e de expresión oral desde as materias de Lingua Galega e Literatura (1h) e de Inglés (1h). - En 4ºESO ofrécese unha materia optativa de Oratoria, vinculada ao departamento de Lingua Galega e Literatura. - Ademais, desde a Biblioteca escolar organizaranse diferentes actividades (formación de usuarios, concursos e xogos, lecturas en voz alta, semanas de retos, celebración de diferentes datas de referencia no calendario lector) co obxectivo de favorecer o fomento da lectura e a competencia en comprensión lectora entre o alumnado. - Realizaranse actividades de colaboración con entidades e asociacións da contorna para facer lecturas compartidas ou outras propostas que impliquen conversas ou intercambio de historias, como as intervencións que se fan co alumnado en actos institucionais do Concello de Gondomar na celebración de datas sinaladas (lectura de manifestos ou poemas) ou as actividades realizadas en colaboración coas residencias de maiores da contorna ou co centro de infantil e primaria adscrito ao noso instituto.

## **Estratexias para a organización, coordinación e mediación do "Tempo de lectura"**

- Na ESO todos os departamentos didácticos participarán na Hora de ler de acordo co calendario anual que elabora a Biblioteca. Trátase dunha sesión semanal dedicada á lectura que pode organizarse de diferentes maneiras: como lectura individual e silenciosa, con propostas de lectura persoais elixidas polo propio alumnado ou como lectura colectiva comentada a partir de textos escollidos e facilitados polo profesorado. - A comezos de curso a Biblioteca escolar elaborará e difundirá a concreción anual dese calendario da Hora de Ler, que se desenvolverá sucesivamente en todas as sesións de clase ao longo do curso.

### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Con carácter xeral, establécense as seguintes consideracións:

- Fomentarse o emprego dunha metodoloxía activa e participativa, que resulte motivadora para o alumnado e estimule o traballo en equipo e o uso das novas tecnoloxías. Proporcionaráselle ao alumnado instrumentos de análise científica e fomentarse a capacidade de observación e de crítica, así como a adquisición de hábitos intelectuais e de técnicas de traballo.
- Será fundamental tamén ter en conta a individualidade do alumnado para tentar ofrecer un ensino personalizado e priorizar, baixo a coordinación do departamento de Orientación, a atención á diversidade, adoptando aquelas medidas que se consideren necesarias para dar resposta ás necesidades educativas do alumnado.
- Fomentarse a interdisciplinariedade, a coordinación e o traballo conxunto entre os diferentes departamentos didácticos, a Biblioteca, o EDLG e a vicedirección, a través de proxectos didácticos e a participación en programas educativos.
- Seguirase unha organización do centro en aulas-materia, de xeito que será o alumnado o que se desprace dunhas aulas a outras en función da materia da que teña clase. Este sistema de funcionamento favorece que os espazos das aulas estean máis coidados e poidan contar cunha dotación de materiais máis específica e axeitada para as materias que se imparten nelas, ao tempo que se favorece que o alumnado teña uns minutos de distensión nos desprazamentos que se producen nos cambios de clase. Complementarase o ensino presencial con outras ferramentas como a aula virtual do centro.
- Respecto das tarefas extraescolares, procurarase que estean deseñadas para poder facelas de xeito independente e ser accesibles a todo o alumnado, tendo en conta o número de horas semanais da materia e o tempo necesario para a revisión e corrección na clase. Aquelas tarefas que requiran maior dedicación deben propoñerse con tempo suficiente para facilitar a organización do traballo persoal do alumnado na casa. Procurarase non poñer tarefas para realizar na casa do luns para o martes. Na semana anterior ás sesións de avaliación procurarase minimizar os deberes para evitar a acumulación de tarefas e facilitar a preparación de probas obxectivas que adoitan coincidir con estes días. Ademais, procurarase non marcar a data límite de entrega de traballos coincidindo coas datas dos exames.
- Fomentarse a avaliación dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto por parte do profesorado como do alumnado, entendendo a análise do proceso educativo como un instrumento de motivación e autoestima.
- Na ESO todos os departamentos didácticos participarán na Hora de ler de acordo co calendario anual que elabora a Biblioteca. Trátase dunha sesión semanal dedicada á lectura que pode organizarse de diferentes maneiras: como lectura individual e silenciosa, con propostas de lectura persoais elixidas polo propio alumnado ou como lectura colectiva comentada a partir de textos escollidos e facilitados polo profesorado.
- Prestarase especial atención ao labor tutorial, para o que se establecerán mecanismos de coordinación do departamento de orientación coas persoas titoras de cada nivel educativo da ESO, co obxectivo de apoiar o traballo que se fai desde as titorías e de garantir adecuada orientación educativa, académica e profesional do alumnado. Dentro dese labor tutorial, favorecerase a comunicación e atención ás familias.
- No proxecto educativo do centro terán unha importancia fundamental as actividades complementarias.

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Como apoio á actividade de ensino-aprendizaxe e como complemento da práctica docente, combinarase o uso de diferentes e materiais e recursos didácticos: libros de texto en papel, aula virtual e outras plataformas educativas, materiais de elaboración propia, recursos e materiais abertos na rede, recursos da biblioteca escolar, etc.

O centro dispón dun fondo de libros solidario na ESO e ofrécese tamén un banco de libros da ANPA para a ESO e Bacharelato. Por outra banda, aínda que se debateu no claustro, non se aprobou a solicitude de incorporación do centro ao proxecto Edixgal por estar moi maioritariamente o profesorado en desacordo con este programa.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

Respecto da oferta educativa, dentro da autonomía pedagóxica que a normativa vixente lles outorga aos centros educativos, o IES Auga da Laxe tomou, logo do debate na CCP e da aprobación do claustro, algunhas decisións respecto da optatividade dalgúns materias:

- En 1ºESO decidiuse que as 2h de disposición do centro se destinasen ás materias de Educación Física (1h) e Educación Plástica, Visual e Audiovisual (1h).
- En 2ºESO, esas 2h de disposición do centro destinaranse a Inglés (1h) e a Lingua Galega e Literatura para actividades de mellora da competencia en comunicación lingüística (1h).
- No caso das materias optativas de 3º e 4º de ESO, acordouse ofrecer Cultura Clásica en 3ºESO e Oratoria en 4ºESO, para evitar a dispersión da escolla e favorecer que se poidan impartir estas materias.
- Nos dous cursos de Bacharelato, acordouse dedicar a hora de disposición de centro, para aquel alumnado que non escolle a materia de Relixión, a ofrecer atención educativa por parte das persoas titoras de cada grupo.

Por outra banda, para decidir a organización de itinerarios na oferta de materias de opción e de optativas, promóvese cada ano un proceso de prematrícula cunhas enquisas que, acompañadas do necesario labor de orientación académica promovido desde o departamento de Orientación, permiten que o alumnado indique as súas preferencias de materias para o curso seguinte e, a partir de aí, deséñanse itinerarios e organízase a oferta procurando respectar as opcións de escolla maioritarias do alumnado.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

As actividades complementarias considéranse unha parte fundamental do proxecto educativo do centro. Algunhas das actividades decídense cada curso a partir das propostas que realizan os diferentes departamentos didácticos e outras teñen máis estabilidade e contan xa cunha certa tradición dentro do centro.

Por unha banda, cada ano, ao comezo do curso, ábrese un prazo para que os departamentos fagan propostas de actividades relacionadas coas súas materias e organizadas, cando sexa posible, en colaboración con outros departamentos didácticos para favorecer a interdisciplinidade. A partir desas propostas elabórase un programa de actividades que se somete á aprobación do Consello Escolar e se inclúe dentro da Programación Xeral Anual do centro. Nese programa de actividades inclúense diferentes tipos de propostas: roteiros pola natureza; visitas a museos, empresas e espazos naturais, asistencia ao cine e espectáculos teatrais, actividades deportivas e de aventura, charlas e obradoiros, exposicións, concursos e olimpíadas, etc. Promóvese tamén unha proposta de "Recreos diversos", na que se inclúen diferentes actividades para favorecer, entre outros aspectos, a inclusión e a atención á diversidade: patios diversos (con deportes e actividades menos frecuentes entre o alumnado, como pínfuvote, xogos tradicionais ou pickleball), obradoiro de crochet os mércores, xoves de xogos (con xogos educativos e cooperativos todos os xoves) e semanas de retos vinculadas con diferentes materias do currículo.

Por outra banda, o centro ofrece algunhas actividades estables que se manteñen ao longo dos cursos: viaxe de fin de etapa en 4ºESO, intercambio con Alemaña en 1ºBach, intercambio con Dinamarca en 2ºBach, intercambio ou viaxe a Francia para o alumnado de Francés, sesións do Club da Igualdade, obradoiros e concertos dos grupos de música, etc. O programa de actividades complementarias coordínase desde a vicedirección do instituto. Algunhas das actividades forman parte da programación estable de actividades dalgúns departamentos ou grupos de traballo do centro (Biblioteca e EDLG), outras están vinculadas a algúns contratos-programa nos que participa o instituto (Proxectos de Inclusión Educativa-PIE, Innova-Lab, Plan Proxecta, programa EduMob, Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares-PLAMBE, acreditación en linguas estranxeiras) ou a proxectos didácticos (Cos pés no Val Miñor) e outras organízanse arredor da celebración de datas significativas do calendario escolar.

Por último, ademais das actividades complementarias dirixidas ao alumnado, o centro programa algunhas propostas abertas a toda a comunidade educativa e ao público en xeral, tanto no propio instituto como noutros espazos públicos da vila, algunhas delas organizadas en colaboración co Concello de Gondomar ou con outras entidades como Espazo Lectura, nun esforzo por abrir o centro á súa contorna.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Os departamentos didácticos recollerán nas súas programacións plans de reforzo ou recuperación para o alumnado que promocióne con materias ou ámbitos pendentes de cursos anteriores, baixo a coordinación da xefatura de departamento. Ademais, elaborárase un informe individualizado do alumnado con materias pendentes tendo en conta os materiais, as probas e a memoria realizada polo profesorado que impartise a materia o curso anterior.

Os departamentos designarán un profesor ou profesora responsable do alumnado que teña que recuperar algunha materia pendente. Con carácter xeral, o seguimento dese alumnado corresponderá ao profesor ou profesora que lle imparte a materia no actual curso escolar. No caso de que o alumnado non teña esa mesma materia no presente ano académico, o seguimento corresponderá á Xefatura do Departamento. Tanto o alumnado como as familias dirixiranse a esta persoa para as cuestións referentes á materia pendente de recuperación ou reforzo.

Estes plans de recuperación e reforzo deberán incluír actividades ou fichas de traballo que permitan repasar ou reforzar as competencias e contidos non acadados no curso anterior, secuenciadas por avaliacións. As actividades poderán ser entregadas nun formato físico ou estar dispoñibles na aula virtual do centro, a criterio dos departamentos. Igualmente a entrega por parte do alumnado farase no soporte que se indique.

Con carácter xeral realizaranse probas parciais para valorar a evolución do alumnado, nas datas que cada departamento didáctico estableza. A porcentaxe de valoración das probas e das actividades será establecido por cada departamento didáctico.

O alumnado que non acade o mínimo necesario durante o curso coa realización das actividades de repaso e nas probas parciais, poderá realizar unha proba final no mes de maio ou xuño.

Tanto o alumnado como as familias deberán recibir información sobre os plans de recuperación das materias pendentes, con indicación do procedemento de recuperación e das datas das probas parciais e da posible proba final. Recoméndase que, cando as familias reciban esa información, asinen un xustificante no que se faga constar que se recibiu e se coñece esa información.

## **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Ao rematar a avaliación ordinaria no mes de xuño o equipo docente deberá elaborar un pequeno informe no que se indiquen as principais dificultades nas distintas materias para aquel alumnado que non promocióne e deba permanecer un ano máis no mesmo curso, facendo especial fincapé nas materias non superadas. A coordinación do citado informe corresponderá á persoa titora.

Nese informe recolléranse aspectos básicos como os resultados académicos no curso anterior, os aspectos relevantes que faciliten ou dificulten a aprendizaxe, as medidas de atención a diversidade aplicadas e as actuacións que se propoñan no ámbito curricular.

Este informe servirá de referencia para o profesorado do curso seguinte para a proposta de actividades específicas ou atención personalizada naqueles aspectos nos que presentase especiais dificultades, se fose o caso, aínda que este alumnado deberá realizar as mesmas tarefas e probas que o resto do grupo.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

### **1. Sesións de avaliación**

- Procurárase que o número de días lectivos sexa similar en cada unha das avaliacións para garantir o máximo equilibrio posible no desenvolvemento do proceso formativo.

- A xefatura de estudos elaborará un calendario de avaliacións outorgándolle a cada sesión unha duración estimada que permita tratar, en función do número de alumnos e alumnas de cada grupo e das súas necesidades educativas, todos os aspectos xerais e individuais pertinentes. Durante a sesión de avaliación, o equipo docente fará unha análise da evolución de cada estudante e do grupo en xeral.

- Nas sesións de avaliación sempre haberá un membro do equipo directivo e un do Departamento de Orientación para avaliar de maneira integrada o alumnado e a práctica docente.

- As sesións de avaliación serán presididas pola persoa titora do grupo.

- Na avaliación inicial, o profesorado titor obterá e analizará, co apoio do departamento de Orientación, a documentación relevante do expediente do alumnado e manterá, de considerarse necesario, unha entrevista inicial coas familias, especialmente no primeiro curso de ESO. Esta información complementarase cos datos que ofrezca o

profesorado a partir das producións do alumnado, os traballos ou a observación directa. A partir das conclusións obtidas, concretaranse as medidas a desenvolver.

- Nas avaliacións parciais, o profesorado valorará para cada estudante a evolución dos seus resultados académicos, así como as medidas de atención á diversidade que se apliquen. Analizarase tamén o clima do grupo e o seu progreso académico, así como as posibles medidas que se poidan aplicar a todo o grupo (organización e xestión da aula).
- Na avaliación final, o profesorado valorará para cada estudante a evolución do logro de obxectivos e adquisición das competencias. Ademais, decidirá a promoción ou, de ser o caso, titulación, tendo en conta a aplicación dos criterios establecidos no apartado seguinte. En caso de que da valoración académica non se derive directamente a promoción ou titulación, aplicaranse criterios obxectivos para valorar o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias correspondentes.
- Dependendo da etapa e nivel, obteranse os datos por parte da persoa titora para a emisión do informe individualizado, Consello orientador, Informe final de curso sobre o logro dos obxectivos, adquisición de competencias e/ou proposta máis adecuada para continuar a formación académica ou profesional.
- En todas as avaliacións, o profesorado titor recollerá os aspectos máis salientables nunha acta.

## 2. Criterios de avaliación, promoción e titulación na ESO

Na ESO celebraranse tres sesións de avaliación parciais e unha sesión de avaliación ordinaria final. A sesión da terceira avaliación parcial deberá coincidir coa da final ordinaria.

2.1. Os criterios de avaliación en cada materia ou ámbito aparecen recollidos nas programacións didácticas dos distintos departamentos, que están dispoñibles no espazo web do centro.

### 2.2. Criterios de promoción na ESO

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

### 2.3. Criterios para a titulación na ESO

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

## 3. Criterios de avaliación, promoción e titulación no Bacharelato

No Bacharelato celebraranse tres sesións de avaliación parcial, unha sesión de avaliación ordinaria final e unha sesión de avaliación extraordinaria.

3.1. Os criterios de avaliación en cada materia ou ámbito aparecen recollidos nas programacións didácticas dos distintos departamentos, que están dispoñibles no espazo web do centro.

### 3.2. Criterios para a promoción no Bacharelato

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

### 3.3. Criterios para a titulación no Bacharelato

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O equipo docente, tendo en conta estes criterios, é quen decide de forma colexiada sobre a promoción e titulación do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. No caso de votacións con resultado de empate realizarase unha nova votación e, se continuase o empate, decidirá o voto de calidade da persoa titora.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

#### **1. Criterios para a concesión das matrículas de honra na ESO.**

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. Cando o número de alumnado que cumpra esta condición sexa maior do número de mencións de matrícula de honra que se poidan conceder de acordo coa normativa vixente, ou cando se produzan empates nas puntuacións, os criterios que rexerán a concesión serán os seguintes:

- 1º. Maior nota media en 4ºESO.
- 2º. Maior nota media na etapa da ESO.
- 3º. Maior nota media en 3ºESO.

#### **2. Criterios para a concesión das matrículas de honra no Bacharelato**

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. Cando o número de alumnado que cumpra esta condición sexa maior do número de mencións de matrícula de honra que se poidan conceder de acordo coa normativa vixente, ou cando se produzan empates nas puntuacións, os criterios que rexerán a concesión serán os seguintes:

- 1º. Maior nota media en 2ºBach sen a materia de Relixión
- 2º. Maior nota media de todo o bacharelato sen a materia de Relixión.
- 3º. Maior nota media en 2º Bach sen a materia de Relixión nin a materia optativa cursada.

#### **3. Número de Matrículas de Honra que se poden conceder**

Tanto en 4ºESO como en 2ºBach o número de matrículas de honra que se poden conceder depende do número de alumnos e alumnas totais que estean matriculados en cada un deses niveis. Poderá concedérselle a mención de Matrícula de Honra, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente en 4ºESO ou en 2ºBach. Así temos que:

- De 1 a 29 alumnos e alumnas matriculados: 1 MH
- De 30 a 49 alumnos e alumnas matriculados: 2 MH
- De 50 a 69 alumnos e alumnas matriculados: 3 MH

E así sucesivamente.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado en 4ºESO ou en 2ºBach sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

## **I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

As programacións didácticas elaboraranse na aplicación Proens da Consellería de Educación e estarán dispoñibles a través dunha ligazón desde o espazo web do instituto. Incluirán os elementos establecidos no artigo 16 do Decreto 156/2022 para a ESO e no artigo 17 do Decreto 157/2022 para o Bacharelato.

Todo o profesorado informará o alumnado dos aspectos fundamentais da súa programación didáctica. Ademais, para unha adecuada información ás familias, as programacións didácticas estarán á disposición da comunidade educativa desde a páxina web do centro.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

O equipo directivo ou o profesorado realizarán propostas de participación en proxectos, plans e programas educativos, que serán aprobados polo claustro e, se fose necesario, polo Consello Escolar. Aplicaranse criterios de continuidade respecto de liñas de traballo desenvolvidas en cursos anteriores, de adecuación aos principios metodolóxicos do centro e de reforzo do programa de actividades complementarias.

No ámbito do fomento das linguas estranxeiras, o centro participa no programa de seccións bilingües da Consellería de Educación, cunha sección bilingüe en inglés na materia de Educación Física en 3º de ESO, e no programa de Auxiliares de Conversa, que nos permite contar cunha persoa auxiliar de conversa que apoia as clases de Inglés e as clases de Educación Física da sección bilingüe. Ademais, no presente curso solicitarase participar, igual que nos tres cursos anteriores, no programa de acreditación de alumnado en lingua estranxeiras, baixo a coordinación do departamento de Inglés. Neste curso 2025-2026 o instituto foi seleccionado no programa de intercambios de Francés EduMob, no que participan seis alumnas de 1ºBach. Por último, o centro tamén impulsa a aprendizaxe do inglés organizando desde hai anos un intercambio cun centro de Aarhus (Dinamarca) para 2ºBach e un intercambio cun centro de Nagold (Alemaña) para 1ºBach, así como un intercambio ou unha viaxe a Francia para favorecer a aprendizaxe do francés.

Por outra banda, no curso 2025-26 o centro participará nos seguintes programas educativos:

#### **1. Proxectos de Inclusión Educativa (PIE)**

Dándolle continuidade á súa participación no PIE no curso anterior (e no CPI inclúe en cursos anteriores), o centro solicitou participar no curso 2024-2025 nos Proxectos de Inclusión Educativa (PIE) en dúas modalidades:

- Impulso da igualdade.
- Promoción do benestar emocional.

#### **2. Innova-Lab**

Ademais, dándolle continuidade tamén ao labor realizado o curso pasado, o centro solicitou participar novamente en dúas modalidades do programa Innova-Lab:

- Leo-Lab.
- Inter-Lab

#### **3. Plan Proxecta.**

Neste curso, igual que no curso anterior, o centro solicitou participar no programa Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD), dentro do Plan Proxecta.

#### **4. Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)**

Neste curso 2025-2026 o instituto seguirá formando parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), ao que se reincorporou no curso 2024-2025.

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

O equipo directivo responsabilizarase da difusión da concreción curricular a través da páxina web do centro para o seu coñecemento por parte de toda a comunidade educativa.

Realizarase unha avaliación anual por parte da CCP e do claustro para formular as propostas de mellora que se consideren oportunas, tendo en conta o grao de

cumprimento dos acordos recollidos na concreción curricular e a valoración da adecuación dos ditos acordos á realidade do centro.

De forma extraordinaria, sempre que exista un cambio normativo relevante ou unha modificación das ensinanzas que se imparten no centro (ou o réxime das mesmas), o equipo directivo promoverá de oficio unha modificación da concreción curricular.

## **o) Outros apartados**

### **1. Plan de Mellora**

Neste curso 2025-2026, unha vez que se realice desde a CCP e o Claustro a análise dos resultados das probas de Avaliación de Diagnóstico aplicadas no curso 2024-2025 en 2ºESO, farase un seguimento e revisión do Plan de Mellora elaborado no curso 2024-2025 co obxectivo de mellorar o desempeño competencial do alumnado, especialmente en 1º e 2º de ESO. Así, á vista dos resultados da Avaliación de Diagnóstico do curso anterior e en xeral dos resultados nos diferentes niveis educativos presentados no claustro e no Consello Escolar a finais do curso pasado, realizarase un labor de seguimento e avaliación que permita establecer as medidas de revisión necesarias.